

Estimado Director/a e directiva do ANPA :

Dende a Policía Local, nos poñemos en contacto con vostedes para recordarlles que nos preocupa a **Seguridade Vial dos alumnos** especialmente á hora de entrada e saída do colexio.

Recentemente se sinalizou unha zona á que denominamos “PEQUEPARADA”. Consideramos conveniente recordar os aspectos máis destacados para un correcto funcionamento.

As “PEQUEPARADAS” son o espazo máis adecuado para que suban e baixen do vehículo os menores. Localizadas fronte ás zonas de acceso, están destinadas para o servizo escolar cunha duración de 30 minutos no horario de entrada e saída.

Por todos é sabido que o espazo é limitado e todos acuden ao mesmo tempo ao Centro Escolar, por iso a operación de deixar ou recoller aos menores debe ser rápida e segura, deixando o sitio libre tan pronto como sexa posible, para que outro nen@ poida utilizalo.

O obxectivo primordial como se dixo, é velar pola **seguridade** dos nosos menores, a **rotación** no uso do espazo dispoñible, ao propio tempo que conseguiremos una mellor **fluidez** no tráfico e isto é responsabilidade de [tod@s](#).



Sinalización que identifica unha PEQUEPARA delimitada por marcas viais de co amarelo

Somos conscientes que para o seu funcionamento, é necesaria a colaboración dos implicados: Centro Escolar, pais e nais, veciños e Policía.

1- é misión do **Centro Escolar**, organizar o seu propio funcionamento co obxectivo de que a recollida e entrega dos nenos sexa áxil e segura.

2- Os **pais e nais** dos alumnos poderán usar a pequeparada o tempo mínimo imprescindible (5 minutos), debendo abandonar o lugar para deixar o espazo libre para o uso de outr@s nen@s.

3- **Os veciñ@s ou usuari@s** deberán de deixar libre a zona sinalizada no horario marcado, para que se poida deixar ou recoller aos nenos.

4- A **Policía Local** garantirá a seguridade dos menores e supervisará o correcto funcionamento das entradas y saídas. Estará en contacto directo cos Colexios e coas ANPAS tratando de buscar solución aos problemas que puideran xurdir en aras dunha mellora constante. Por último, no caso de detectar abusos que prexudiquen ao resto ou que produzan situación de risco para la seguridade vial, aplicaranse as medidas correctoras que fosen necesarias.

Entre todos, conseguiremos mellorar a seguridade dos nosos menores.

Moitas grazas de antemán pola colaboración.

Ferrol 5 de setembro de 2024

Jose Antonio Chao Cabana
Xefe da Policía Local de Ferrol